O profesorado vai ser mediador e guía e permitiralle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrentamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construcción de aprendizaxe. Buscará, coas situacions propostas, a exploración e o xogo para espertar o interese do alumnado.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo, adapta cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacions contextualizadas.

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario (material manipulativo, ordenador, calculadora, gráficos) Os grupos de traballo cooperativo ou en equipos serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamiento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.

a) Organización dos espazos e recursos

Aula

Necesitamos dotar á aula dun espazo (andeis, mesas ...) no que poidamos expoñer e gardar os materiais necesarios e accesibles ao alumnado.

Precisaremos un espazo na parede á altura do alumnado, para representar de xeito gráfico, grande, visible e accesible para todas e todos e dun reloxo/cronómetro dixital para que aprendamos a organizarnos no tempo.

Agrupamentos.

A aula estará organizada para o traballo en grupo cooperativo coas mesas colocadas en grupos de catro. Nos debates buscarase unha colocación en U ou en asemblea.

b) Organización dos tempos e secuencia proposta

Lentamente e de forma progresiva imos creando situacions que lle permitan ao alumnado organizar e controlar as súas tarefas con maior autonomía. Buscamos unha secuencia de actividades e unha temporalización das mesmas que permita facer partícipe ao alumnado das decisións relativas ao tempo e no que adaptamos estratexias e recursos de cada unha das tarefas, que ten en conta tanto o conxunto do grupo como os alumnos e alumnas que requiran unha atención específica. Clarificarase de xeito visual e gráfico como se van realizar as actividades e a forma de organizarse para saber que facer antes e despois, como desenvolverse no espazo libremente, respectando o traballo e as decisións das e dos demais, e onde atopar o material que cada actividade esixe.

Outra das actividades que se realizarán diariamente será a dos retos e acertixos con situacions problemáticas de diferentes tipos.

c) Pautas de emprego do material manipulativo:

A manipulación implica o emprego de material, e neste sentido, é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:

- O material presentarase para o seu coñecemento e exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas cualidades: tamaño, textura, cheiro...
- Esta experimentación libre permitirá fazer conjecturas sobre o seu posible uso e utilidades.
- Posteriormente realizaranse actividades e xogos semidirixidos orientados a unha experimentación más profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.
- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

Con periodicidade realizaremos, en asemblea, autoavaliación, coavaliación e posta en común, onde trataremos aspectos como:

- o Que aprendín?
- o Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
- o Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
- o Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
- o Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
- o Podo axudar? Deixo que me axuden?

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construcción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira... |
| Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas... |
| Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de área. |
| Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ... |
| Material de debuxo: regla, escuadra, cartabón e compás. |
| Cartos: moedas e billetes. |
| Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet... |
| Outros recursos: planos, colecciónables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral... |

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser emplegados.

Nesta programación formúlase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que emplegaremos, se ben non pode ser considerada unha lista fechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario, pero de maneira que non supoña un elemento distractor cando non se precise.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranxe unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con otros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdóticos, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavalíação.

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A habilidade para establecer relacóns entre os obxectos tendo en conta as caualidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).
- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacóns de orde, clasificación e comparación).
- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacóns topográficas básicas).
- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.
- A habilidade de organizar a súa actividade ordenado secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.
- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 15 | 15 | 20 | 15 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 15 | 15 | 0 | 0 | 0 | 0 | 5 |
| Táboa de indicadores | 85 | 85 | 100 | 100 | 100 | 100 | 95 |

Criterios de cualificación:

O 50% da nota corresponderá á parte da proba de conceptos e o outro 50% á parte competencial. Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliações parciais e da avaliação final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliações parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

A avaliação das competencias clave da avaliação final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:

- 1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL
- 2) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, reconécedo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
- 3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son fundamentalmente STEM
- 4) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.
- 5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.
- 6) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.
- 7) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.
- 8) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliações parciais, a recuperación se integrará na avaliação seguinte. Os instrumentos de avaliação empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliação suporán o emprego de contidos traballados nas avaliações previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliação usados na avaliação suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrangos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).

Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As evaluacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavalíações e coavalíações.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unidos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que lleven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | | | X | | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | | | | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Espírito científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Espírito do emprendemento | X | | X | X | | X |
| ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.9 - Educación para a Paz | | | X | X | X | |
| ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | | X | | | X |
| ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | | X | X | X | |

Observación:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaránse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reproducción de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Proxecto vivmos cos números | Traballo baseado en como convivimos día a día cos números | | | |
| Día Internacional das matemáticas | Desenvolveremos as actividades correspondentes | | | |
| Xeometria na rúa | Nesta unidade sairemos da aula para buscar xeometria e matemáticas na nosa contorna | | | |
| Excursión de fin de curso | Despois de planificar a saída de forma conjunta, toca gozala e levala a cabo. | | | |

Observación:

Cada unidade didáctica terá asociada, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas..

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

- Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de alumnado que o curso pasado suspendera a materia de matemáticas e que este curso acadou unha valoración positiva. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de diminución de conflitos producidos con respecto á 1^a avaliación. Indicador de logro: 50% para a 2^a avaliación e 70% para a 3^a avaliación.
- Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70%
- Uso de material manipulativo para introducir novos contidos (Escala de 1 a 4)
- Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade (Escala de 1 a 4)
- Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá.
- Fomento do emprego de linguaxe matemática axeitada. (Escala de 1 a 4)
- Valoración e emprego das interrogantes formuladas polo alumnado para xerar aprendizaxe.
- Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade (Escala de 1 a 4)
- Número de instrumentos de avaliación empregados. Indicador de logro: polo menos emprega 5.
- Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Instrumentos de avaliación: polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.

Descripción:

Naqueles indicadores nos que se emprega a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumplir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------------------|----------|---------------|
| 36000351 | CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa | Bueu | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias da Natureza | 5º Pri. | 3 | 105 |

| Réxime |
|------------------------|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 20 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 21 |
| 7.2. Actividades complementarias | 22 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 23 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 23 |
| 9. Outros apartados | 24 |

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro concertado de educación infantil, primaria e ESO, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña única, é dicir, ten 13 unidades, sendo 3 delas de educación infantil, 9 unidades de educación primaria e 4 da ESO.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no quinto curso da etapa, polo que conta con dez anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, paseo fluvial no río, pista urbana, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar ou o laboratorio.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

Contextualización:

- Centro: CPR Virxe Milagrosa
- Unidades: 14 (6 en EP)
- Curso: 5º A
- Nº alumnos/as: 17 (13 nenas e 4 nenos)
- Contorna: Vila mariñeira de sobre 12000 habitantes.
- Instalacións: ximnasio, duas pistas polideportivas exteriores que tamén fan de patio, rodeado por unha zona verde no exterior, cunha pista deportiva antivandálica por un lado e o Río Bispo polo outro.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimientos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social. | | | 5 | | 1-2-3 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacóns entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. | | | 3-4 | 5 | 3-4-5 | | 1-3 | 4 |

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|----------------|---|-----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | OS SERES VIVOS | A unidade aborda os aspectos máis importantes sobre a estrutura e organización dos seres vivos, as súas características e os diferentes reinos onde podemos clasificalos. | 20 | 18 | X | | |
| 2 | OS ANIMAIS | Nesta unidade acercaremos ó alumnado ao coñecemento e profundidade das características propias dos animais e as funcións vitais que estes realizan, tendo en conta os animais autóctonos da nosa comunidade autónoma. | 20 | 18 | X | | |
| 3 | AS PLANTAS | Ao longo da unidade abordarase a importancia da fotosíntese para a vida dos | 20 | 18 | | X | |

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesiones | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------|--|----------------|-------------|----------|----------|----------|
| 3 | AS PLANTAS | seres vivos, así como as características más importantes das plantas e as súas funcións vitais. | 20 | 18 | | X | |
| 4 | OS ECOSISTEMAS | O núcleo motivador da unidade son as relacións que establecen os seres vivos entre eles e co medio que os rodea, así como a relación do ser humano cos ecosistemas e o seu coidado e conservación. | 10 | 18 | | X | |
| 5 | ENERXÍA E MATERIA | As propiedades da materia, as fontes de enerxía renovables e non renovables, a súa transformación e a influencia na vida cotiá do alumnado serán os contidos a tratar na unidade correspondente. | 15 | 17 | | | X |
| 6 | NOVAS TECNOLOXÍAS | Durante esta última unidade, o alumnado coñecerá as características e funcións das máquinas simples e compostas, así como o funcionamento das novas tecnoloxías e a súa importancia na sociedade actual. | 15 | 16 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1 | OS SERES VIVOS | 18 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.1 - Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións. | Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos e as súas características. | PE | 50 |
| CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. | Identificar e clasificar ós seres vivos nos reinos segundo as súas características. | | |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar prediccións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar prediccións razoadas a través da observación. | TI | 50 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións. | | |
| CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos. | | |
| CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais. | | |
| CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos. | Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estratexias de forma guiada. | | |
| CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados. | Desenvolver un producto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Estrutura e niveis de organización dos seres vivos: tipos de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acuerdo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, |

Contidos

- regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes más sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacíons de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | OS ANIMAIS | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. | Identificar e clasificar os animais segundo as súas características. | PE | 40 |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar prediccions razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar prediccions razoadas a través da observación. | TI | 60 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacíons relacionadas co medio natural. | Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacíons. | | |
| CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos. | | |
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusíons das investigacíons, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Analizar e comunicar os resultados das investigacíons a través de diferentes formatos. | | |
| CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais sinxelos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos. | Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estratexias de forma guiada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestiós científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. Animais autóctonos de Galicia. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes más sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situaciós de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | AS PLANTAS | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. | Identificar e clasificar as plantas segundo as súas características. | PE | 40 |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar prediccións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar prediccións razoadas a través da observación. | | |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións. | | |
| CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos. | | |
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos. | TI | 60 |
| CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais sinxelos. | | |
| CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos. | Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estratexias de forma guiada. | | |
| CA4.5 - Desenvolver un producto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados. | Desenvolver un producto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. |

Contidos

- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. A importancia da fotosíntese para a vida na terra. Plantas autóctonas de Galicia.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes más sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 4 | OS ECOSISTEMAS | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel. | Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural coñecendo as relacións que se establecen nel. | PE | 30 |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar prediccions razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar prediccions razoadas a través da observación. | | |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacíons relacionadas co medio natural. | Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacíons. | | |
| CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos. | | |
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusíons das investigacíons, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Analizar e comunicar os resultados das investigacíons a través de diferentes formatos. | | |
| Obradoiro Xogos Tradicionais | Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,... | X | | |
| Saída Multiaventura | A excursión de fin de curso do terceiro ciclo sempre é unha saída na que fomentamos a actividade física. Alternamos entre facer unha ruta polo camiño de Santiago portugues en Tui e kaiak no Miño nun ano, cunha saída a un parque multiaventuras no seguinte. | | | X |
| Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable | Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares. Ese ano imos traballar o de Mobilidade. | X | X | X |

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquellas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

| |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,... |
| Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.). |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,... |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais. |
| Clima de traballo na aula |
| Alumnado: conseguiuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,... |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Interdisciplinariedade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio). |
| Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...) |
| Outros |
| Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa. |

Descripción:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario fazer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guíarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliacion inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------------------|----------|---------------|
| 36000351 | CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa | Bueu | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Educación plástica e visual | 5º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|------------------------|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 16 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 19 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 21 |

1. Introdución

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro aos preceptos neste recollidos.

Nese senso, este apartado esta programación remítese en primeira instancia ao refilctido na propia Introdución do Decreto na área e materia de Educación Plástica e Visual.

O noso centro está situado na rúa Pazos Fontenla 55, no concello de Bueu (Pontevedra). É un centro dunha soa línea que conta con tres etapas educativas E.I., E.P., ESO e E. Especial. O Claustro está formado por 27 profesionais (incluidos titores, especialistas, equipo directivo e de orientación)

Contamos con diferentes espazos para desenvolver a nosa labor educativa cunha aula para cada grupo de alumnos/as, unha aula de informática, unha de apoio para os nenos/as con ACNEAE, laboratorio, biblioteca, comedor, sala de mestres, despachos, ximnasio, tres patios, sala multiusos (P.D.N., aula de música, festivais, charlas, contacontos) e unha pequena horta.

O noso horario é de xornada continuada para todos os niveis e ofrecemos servizos como o Plan Madruga, Comedor e Actividades Extraescolares, para as familias que o precisen.

O grupo ao que vai dirixida esta programación está integrado por 16 nenos e nenas dos que a maioría levan no noso centro escolar dende 4º EI. O nivel dentro desta aula é moi diverso e moi dispar o que fará que traballaremos con diferentes ritmos de aprendizaxe.

O obxectivo principal desta PD é a de facilitar o alumnado a adquisición dos contidos propios da materia e unha mellora progresiva da súa autonomía o mesmo tempo que se fomenta a súa competencia lingüística tanto en Inglés como na súa lingua materna.

Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é unha biblioteca escolar, una pequena biblioteca de aula e unha cómodo recanto de lectura con colchonetas e coxíns na propia aula.

Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel.

A Educación Plástica e Visual será entendida como unha linguaxe universal e un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa e fomentar a espontaneidade. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

A súa finalidade principal desta materia na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.

- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Potenciarase a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística. Darase especial importancia a dotar ao alumnado dunhas técnicas axeitadas para que sexa quen de expresarse mediante manifestacións plásticas e audiovisuais, así como como empregando todos os recursos que sexan precisos para tal fin.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | | 3 | | 1-2 |
| OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimientos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | 1 | | 2 | 5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e assumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|------------------|---|-----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | Linguaxe visual | Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia. | 25 | 7 | X | | |
| 2 | Proceso creativo | Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado. | 25 | 6 | | X | |

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Debuxo xeométrico | A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais, o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicalos nos deseños e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia. | 30 | 5 | | | X |
| 4 | Artistas | Esta UD inicia o alumnado na vida e obra de diferentes artistas. O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa. | 20 | 17 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 1 | Linguaxe visual | 7 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra. | | |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Deseña un instrumento musical empregando as formas xeométricas aprendidas. Participa nas actividades propostas con interese e colaboración. | TI | 100 |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Combina e analiza as cores para utilizarlas correctamente nas composicións individuais e grupais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Distingue o tema ou xénero de obras plásticas. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Coñece a evolución da fotografía dende o branco/negro á cor, formato papel ao dixital e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza fotografías utilizando medios tecolóxicos e analizando o encadre máis axeitado. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a pescada de material para a elaboración de traballos grupais. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Participa nas actividades propostas con interese e colaboración. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. |

Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Profesiós vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Produccións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Proceso creativo | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Recoñece e identifica as características das imaxes fixas e en movemento. | TI | 100 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Analiza imaxes fixas e en movemento, empregando terminoloxía axeitada, atendendo ao tamaño, cor, función, formato e iluminación. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e organización do material. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza imaxes humanas, animais e casas partindo dun bosquexo. Realiza debuxos relacionados coas profesións utilizando os coñecementos aprendidos. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Representa formas xeométricas con precisión, coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimento e emocións dos demás. | Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Recoñece, interpreta e analiza a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas empregando o vocabulario axeitado. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Utiliza o trazado de rectas paralelas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC, e amosa interese polo uso destas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Procura imaxes en soporte dixital para organizalas e transformalas en planos e mapas simples. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre a búsqueda dun cartel grupal e elabora o seu propio anuncio. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demás. | Valora o uso das TIC para documentarse. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, |

Contidos

- manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 3 | Debuxo xeométrico | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o uso da liña horizontal nunha obra artística concreta. | TI | 100 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Traza formas xeométricas con precisión coa axuda das ferramentas básicas. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Expresa con respecto as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dunha persoa autora ou criterio artístico. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Traza ángulos de 90, 30 e 60 graos utilizando as ferramentas básicas. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa nunha creación grupal baseada na representación do eixe de simetría para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras con finalidade estética. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demás. | Presenta os traballos con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade en composicións e creacións realizadas co ordenador. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Utiliza con respecto as TIC para coñecer expresións artísticas e culturais. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Emprega as novas tecnoloxías para iniciarse no deseño dixital, tratamiento de imaxes ou na animación. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Emprega as ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón e transportador). | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demás. | Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introdución á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.

Contidos

- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | Artistas | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacóns entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas. | Coñece, lembra e describe, de forma oral e escrita e empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da vida e obra de diferentes artistas | | |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Coñece e identifica as características fundamentais do estilo Pop Art. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora a obra e os procesos creativos do autor. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades. | TI | 100 |
| CA2.2 - Expressar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Observa, analiza e reproduce plasticamente as partes fundamentais do rostro humano. Reproduce trazos e temas baseándose na obra do artista. | | |
| CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e assumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa positivamente na realización dunha serigrafía con técnicas postmodernas. | | |
| CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Mantén limpos e coidados os materiais de pintura e modelado (ceras, pinceis, mesas...). | | |
| CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacóns básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. | Experimenta de forma oral e escrita as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Experimenta coas gamas cromáticas para imitar as cores imposibles e intensas | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica, clasifica e realiza os distintos movementos no plano (translacións, eixes simétricos, xiros e simetrías centrais) co ordenador. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na visita virtual ás fotografías de 360 graos do Museo de Bellas Artes de Montreal. | | |
| CA4.2 - Expressar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Crea obras con patróns repetitivos seguindo as características das obras de artistas | | |
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e assumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Realiza e colorea co ordenador serigrafías con distintos temas relacionados coa publicidade e actores e actrices famosos/as. | | |
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras do artista. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concreciones metodolóxicas

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen más variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os errores serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. .

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Pantalla dixital |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas : reproducción audio e vídeo, editor carteis, gravación, etc. |
| Altofalantes |
| Pinceis e témerpas |

Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras

Imaxes de obras de diferentes autores

Bloc de debuxo e cartolinhas

Páxina web do centro: sección Aula de EPV

Estoxo

Pasta de modelaxe

Regra, escuadro e cartabón

Aplicacións dixitais: Canva, Paddlet, pizarras dixitais.

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinhas...).

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha observación exhaustiva nas primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persona docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención más individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquellas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|--------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 25 | 25 | 30 | 20 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral será calculada do seguinte modo:

30% traballo diario e respecto polas producións propias e alleas. 70% producións artísticas.

-1º trim.: UD1 80% + UD4 20%

-2º trim.: UD2 80% + UD4 20%

-3º trim.: UD3 80% + UD4 20%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Para aquel alumnado que non avance ao ritmo da maioría estableceranse medidas de reforzo, tales como fichas de repaso, adaptación no formato dos exercicios e nos tempos para realizarlos. Realizaranse explicacións detalladas directamente a ese alumnado e poderiase adaptar a forma do exame.

En calquera destes casos, comunicárselle á familia e ao tutor/a e especificarase o carácter contínuo desta materia e a posibilidade de recuperar a materia na seguinte avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranxe en coordinación entre o equipo docente do alumno/a, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

> A disponibilidade de profesorado a maiores do tutor, entendendo que dende a Xefatura de Estudios se poidan asignar horas de apoio doutro profesorado. Esta disponibilidade ven definida trimestralmente polas necesidades existentes en cada grupo. Contando con horario dispoñible, este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

> O profesorado especialista de PT ou AL de ser o caso, e se así o determina o Departamento de Orientación.

> O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quien, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades.

> O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos más puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

> O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con más dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---------------------------------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | | X | | |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais, eiquí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Decorar os corredores trimestralmente | Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas. | X | X | X |
| Exposicións dos traballos realizados en cada UD | Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns... | X | X | |
| Saidas pola nosa contorna | Traballo en diferentes espazos, recadación de materiais , observación das paisaxes.. | X | X | X |
| Participación en obradoiros e concursos. | Creación de obras artísticas para participar en concursos e realización de obradoiros no noso centro e/ou contorna. | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |

Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.

Reflexión sobre os resultados acadados polo alumnado

Metodoloxía emplegada

Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.

A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.

Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

Medidas de atención á diversidade

Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.

Clima de traballo na aula

Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Aportouse información ao persoal docente titor.

Apoiouuse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descripción:

Farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluirase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluirán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen equí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.

-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.

-Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.

-Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

-Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.

-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos más significativos dos traballos realizados.
- En función do anterior:
- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluiranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------------------|----------|---------------|
| 36000351 | CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa | Bueu | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua castelá e literatura | 5º Pri. | 4 | 140 |

| Réxime |
|------------------------|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 34 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 35 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 36 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 36 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 37 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 38 |
| 7.2. Actividades complementarias | 38 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 39 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 40 |
| 9. Outros apartados | 40 |

1. Introdución

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, este apartado esta programación remítense en primeira instancia ao refilctido na propia Introdución do Decreto na área e materia de Lingua Estranxeira Inglés

O noso centro está situado na rúa Pazos Fontenla 55, no concello de Bueu (Pontevedra). É un centro dunha soa línea que conta con tres etapas educativas E.I., E.P., ESO e E. Especial. O Claustro está formado por 27 profesionais (incluidos titores, especialistas, equipo directivo e de orientación)

Contamos con diferentes espazos para desenvolver a nosa labor educativa cunha aula para cada grupo de alumnos/as, unha aula de informática, unha de apoio para os nenos/as con ACNEAE, laboratorio, biblioteca, comedor, sala de mestres, despachos, ximnasio, tres patios, sala multiusos (P.D.N., aula de música, festivais, charlas, contacontos) e unha pequena horta.

O noso horario é de xornada continuada para todos os niveis e ofrecemos servizos como o Plan Madruga, Comedor e Actividades Extraescolares, para as familias que o precisen.

O grupo ao que vai dirixida esta programación está integrado por 16 nenos e nenas dos que a maioría levan no noso centro escolar dende 4º EI. O nivel dentro desta aula é moi diverso e moi dispar o que fará que traballaremos con diferentes ritmos de aprendizaxe.

O obxectivo principal desta PD é a de facilitar o alumnado a adquisición dos contidos propios da materia e unha mellora progresiva da súa autonomía o mesmo tempo que se fomenta a súa competencia lingüística tanto en Inglés Cántase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é unha biblioteca escolar, una pequena biblioteca de aula e unha cómodo recanto de lectura con colchonetas e coxíns na propia aula.

Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

Centrándonos na propia área de Lingua e Literatura Castelá, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participante no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estructuramos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.
- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de producción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 12 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|---------|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Reconocer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información más relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | 2 | 2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, reconécedo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 2-3-5 | 2 | 1 | 1 | 4-5 | | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriendo correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 5 | 2 | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construcción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvimento, establecendo relacóns entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 | | | | | | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de producción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de producción e comprensión oral e escrita. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesión | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|----------------------|---|-----------------------|------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | ¿Cuidamos los mares? | Nesta primeira unidade do curso proponse como eixo condutor o coidado dos mares e os océanos. O seu valor como fonte de vida, abastecemento alimentario, regulador ambiental ou produtor de recursos, son valores que van calar no alumnado. A partir deste tema, van traballar conceptos vinculados coa gramática, a ortografía, a literatura, a expresión oral, etc. para finalizar elaborando un proxecto de | 8 | 11 | X | | |

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesiones | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|---|----------------|-------------|----------|----------|----------|
| 1 | ¿Cuidamos los mares? | investigación que vai culminar coa creación dun cartel sobre o Día Mundial dos Océanos para xerar conciencia. | 8 | 11 | X | | |
| 2 | ¿Para qué vamos al colegio? | A unidade comeza co debate sobre a importancia de acudir ao colextio e o dereito universal á educación. A partir da exposición das características e a estrutura que define a un dos medios de comunicación más relevantes como é a noticia, o alumnado vai descubrir e reflexionar sobre o contexto educativo de nenos e nenas doutras culturas. Para finalizar, van planificar e redactar unha noticia pormenorizada sobre un feito relevante ocorrido no seu colextio. Desta maneira, van construír a realidade a través do coñecemento e emprego da linguaxe. | 8 | 11 | X | | |
| 3 | No es justo. | A xustiza está vinculada con valores como a equidade, a ética e a honradez. En ocasións, o alumnado ten dificultades para comprender este tipo de conceptos tan abstractos e complexos. Por iso, ao comezo da unidade, propónselles a participación nun debate para que reflexionen sobre as condutas xustas/inxustas en contextos próximos. Para afianzar os contidos traballados, van aprender a escribir un escrito formal de denuncia seguindo os pasos de planificación, redacción e revisión e, á súa vez, van adquirir habilidades que fomentan o desenvolvemento do pensamento crítico. | 8 | 11 | X | | |
| 4 | ¿Respetamos a los animales? | Nesta unidade, trabállanse os textos informativos como transmisores de información acerca dun tema. Unhas das características principais son o emprego dunha linguaxe simple e a utilización de exemplos para fundamentar o contido. Por iso, vai traballar, de forma transversal, este tipo de producións cunha temática que sempre suscita un gran interese para o alumnado: os animais. Deste xeito, os nenos e as nenas van descubrir o valor de estar informados para xerar unha maior consciencia e responsabilidade nos seus actos. | 8 | 11 | X | | |
| 5 | ¿Cómo es tu localidad? | Nesta unidade, o alumnado vai aprender a transmitir mensaxes a partir do deseño e a elaboración de medios comunicativos de diversa índole empregando tanto ferramentas tecnolóxicas como manuais. A temática principal, que se vai a interrelacionar cos contidos traballados na unidade, está relacionada coa reflexión sobre a vida en sociedade que se produce | 8 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|----------------------------|---|---------------------------|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 5 | ¿Cómo es tu localidad? | na súa localidade e a comparación con outras formas de vida. Principalmente preténdese transmitir o enfoque multidisciplinar e significativo que posúe a lingua e, á súa vez, vai destacar a estreita relación que posúe con outras áreas. | 8 | 12 | | X | |
| 6 | ¿Qué deporte haces? | A práctica de deporte favorece o desenvolvemento físico e emocional das persoas e é esencial que os nenos e nenas reflexionen sobre a importancia e os beneficios que xera a súa práctica. A partir desta temática, van traballar os textos biográficos ou de retrato e vaise a fomentar o desenvolvemento de actitudes e valores de igualdade de xénero a través do coñecemento da historia de mulleres relevantes neste campo. Á súa vez, vai facer fincapé na necesidade de facer unha criba coa información obtida de internet e as fontes de acceso. | 8 | 12 | | X | |
| 7 | ¿Te gusta la música? | Na presente unidade, ponse de manifesto a multidisciplinariedad da lingua e a literatura a través da súa vinculación coa música. Estas manifestacións sempre estiveron estreitamente unidas xa que ambas posúen emoción e, á súa vez, transmiten un tema ou unha idea. Estes mesmos contidos, trabállanse desde un enfoque intercultural a partir da lectura dun texto narrativo sobre a música. Do mesmo xeito, proponse a procura e selección de información para achegarse e empaparse do rico mundo literario. | 8 | 12 | | X | |
| 8 | ¿Protegemos la naturaleza? | Nesta unidade didáctica, preséntase un debate inicial sobre a relación que manteñen coa contorna natural que lles rodea. Isto vai desencadear que os alumnos e alumnas fagan unha reflexión e expresen as súas opinións e xuízos @teniendo en cuenta os sentimientos dos interlocutores. De forma transversal van traballar outros contidos da lingua mantendo como eixo central este tema. Do mesmo xeito, salientase na necesidade de facer unha selección crítica e responsable da información obtida na internet. | 8 | 12 | | X | |
| 9 | ¿Qué quieres ser? | Nesta unidade, preténdese reflexionar sobre as profesións, os cambios que sufriren ao longo da historia e a igualdade de xénero neste ámbito. Os alumnos e alumnas van reformularse as súas motivacións laborais e van coñecer os intereses dos demás. Para ampliar o seu vocabulario en palabras e expresións sobre o tema propónselles o uso de dicionarios. | 9 | 12 | | | X |

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|-------------------|--|-----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 9 | ¿Qué quieres ser? | Ademais, vai facer fincapé na educación literaria a través da recitación e dramatización de poemas que vai favorecer a expresión lingüística e a apreciación da beleza estética das palabras. | 9 | 12 | | | X |
| 10 | ¿Qué comemos? | Ao longo da unidade, proponse a reflexión persoal sobre os hábitos e as pautas adecuadas para manter unha alimentación saudable. Relaciónase a temática da comida con diversos contidos da lingua coa intención de promover unha aprendizaxe significativa que os alumnos e alumnas poidan aplicar nun contexto real. Á súa vez, propónenselle novas pautas para que aprenda a facer un uso da internet máis responsable e teña máis criterio á hora de compartir datos. | 9 | 12 | | | X |
| 11 | iQué valiente! | Nesta unidade didáctica, aproveitando o poder lingüístico que posúen os cómics, van proponer unha serie de contidos para que confeccionen un correctamente e vanse a transmitir valores vinculados coas fazañas realizadas por heroínas e heroes, grandes referentes para o noso alumnado. Á súa vez, vai dar prioridade a destacar, desde un enfoque multidisciplinar, a riqueza que posúe a literatura para vincularla con ámbitos e elementos da nosa vida cotiá: lecer e natureza. | 9 | 12 | | | X |
| 12 | ¿De dónde eres? | Nesta última unidade do curso, expõe o tema da diversidade cultural como eixo principal que vai impregnar todos os apartados. De modo que os alumnos e alumnas, ademais de participar en debates ou practicar a ortografía, van desenvolver un pensamento ético baseado no respeito e a empatía por outras culturas. As lecturas achegadas ofrecen unha fonte inmensa de aprendizaxe que o alumnado ha de valorar e interpretar, progresivamente con máis xuízo e apertura mental. | 9 | 12 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 1 | ¿Cuidamos los mares? | 11 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Escribe un breve texto instrutivo de forma comprensiva. | PE | 34 |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación más eficaz. | Escribe texto breve con acentuación correcta. | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Reelabora cun vocabulario adecuado textos instrutivos lidos previamente . | | |
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado. | Amosa a mesma consideración polos compañeiros con lingua materna diferente. | TI | 66 |
| CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. | Recoñece na conversa o galego, o castelán e o inglés. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Resume unha comunicación oral breve. | | |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. | Intervén activamente en conversas de grupo reducido: escoita outras intervencións; manifesta opinión propia. | | |
| CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura. | Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60 ". | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os componentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos |

Contidos

- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na producción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.
- Interacción oral adecuada en situacíons de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacíons de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Xéneros discursivos
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: producción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na producción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------------|-----------------|
| 2 | ¿Para qué vamos al colegio? | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. | Recoñecer o castelán, o galego e o inglés en textos escritos | | |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal. | Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade | | |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Diferencia textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Redacta textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo. | | |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. | Elabora documentos dixitais con redacción correcta e presentación acompañada de imaxes de maneira equilibrada. | PE | 73 |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Recoñece en textos transcritos conversas entre iguais, comparadas con conversas docente/discente. | | |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación más eficaz. | Identifica os nomes nun texto escrito | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Recoñece significado da totalidade dos nomes dun texto de 100/150 palabras, a través do contexto ou con axuda dixital ou de diccionario. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado. | Recoñece nas conversas os interlocutores en castelán con entorno familiar non galego | TI | 27 |
| CA1.2 - Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural. | Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demáis. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Emprega unha linguaxe respectuosa con todos os compañeiros e compañeiras. | | |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel. | Respecta as quendas nas conversas en grupo. | | |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. | Expresa opinión en conversas grupais de maneira activa | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Interacción oral adecuada en situacíons de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacíons de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos. |

Contidos

- Procesos: producción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Producción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as lingüas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacíons concretas de comunicación (substantivo, verbo, adjetivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | No es justo. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Identifica nun texto oído de 100/150 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas | | |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Expresa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por el/ela mesmo/a. | | |
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses. | Identifica palabra clave en textos breves. | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura. | Clasifica diferentes textos en función do contido e da presencia ou non de elementos paratextuais. | PE | 52 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Elabora un documento dixital con título, texto e imaxe, correctamente organizado. | | |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Redacta textos escritos e multimodais con uso correcto e axeitado de adjetivos. | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Recoñece en textos os nomes e adjetivos. | | |
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. | Expresa as súas ideas con claridade e vocabulario axeitado en situacions propostas na clase | | |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacions, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interacciones orais próximas. | Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias recentes. | | |
| CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual. | Utiliza correctamente clasificación na biblioteca na busca de libros por temática. | | |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes. | TI | 48 |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. | Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutras textos. | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento. | Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Incidencia entre os componentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidad bilingüe) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na producción e reproducción oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Participación activa en situacíons de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: producción oral.
- Producción e reproducción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na producción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nível de desenvolvimento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construcción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 11 | Unha estrela no vento | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal. | Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade. | PE | 63 |
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses. | Identifica palabra clave en textos breves | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Redacta un autorretrato breve, con características axeitadas. | | |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. | Elabora documentos dixitais con redacción correcta e presentación acompañada de imaxes de maneira equilibrada. | | |
| CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándooos con outras linguaxes artísticas. | Redacta un texto narrativo con intención literaria, cunha trama e personaxes definidos. | | |
| CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferencia das principais convencións formais dos xéneros. | Recoñece algúns recursos literarios. | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Elabora textos narrativos en prosa nos que da voz aos personaxes. | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación más eficaz. | Recoñece algunas categorías gramaticais | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Reelabora textos instrutivos lidos previamente cun vocabulario adecuado. | | |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Expresa unha valoración emocional sobre unha breve historia narrada | TI | 37 |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a lingua oral: escutar con atención, recoller datos, preguntar, repregar e un vocabulario adecuado ao nivel. | Respecta as quendas nas conversas en grupo. | | |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacóns, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas. | Resume un texto narrativo breve, con vocabulario axeitado. | | |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Interésase polo final de textos narrativos antes de lelos. | | |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes | | |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. | Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutros textos. | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento. | Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca | | |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construcción da súa identidade lectora. | Utiliza regularmente os momentos de lectura de xeito adecuado | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construcción da súa identidade lectora. | Manifesta preferencias por tipo de narrativa ou autor/a. | | |
| CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas. | Coñece o funcionamento da biblioteca, e a súa organización para buscar fondos e recursos | | |
| CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | Participa activamente en representacións lidas e escenificacións teatrais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|------------|
| - Contexto |

Contidos

- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contenido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na producción e reproducción de textos orais en lingua galega.
- Procesos: producción oral
- Construcción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a producción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descripción, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construcción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 12 | Adiós María | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Expresa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por el/ela mesmo/a | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura. | Clasifica diferentes textos en función do contido e da presencia ou non de elementos paratextuais | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Elabora un documento dixital con título, texto e imaxe, correctamente organizado | | |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. | Redacta un resumo dun debate previo, con indicación de opinións encontradas, e da súa propia. | | |
| CA5.6 - Escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada. | Identifica e clasifica textos segundo o seu formato literario: prosa, poesía. | PE | 78 |
| CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. | Redacta un texto narrativo con intención literaria, cunha trama e personaxes definidos. | | |
| CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | Identifica textos literarios narrativos fronte a textos instructivos ou informativos. | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Redacta textos escritos e multimodais con uso correcto e axeitado de adjetivos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de diccionarios impresos ou dixitais. | Reelabora de forma más comprensiva textos propostos, axudándose do diccionario físico ou dixital. | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación más eficaz. | Recoñece en textos os nomes e adjetivos | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Reelabora textos instrutivos lidos previamente cun vocabulario adecuado. | | |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a lingua oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, represtar e un vocabulario adecuado ao nivel. | Demostra empatía e coñecemento do argumento do contrario nun debate | TI | 22 |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguaxes propias, de ser o caso. | Participa na comunicación respetando a quenda. | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construcción da súa identidade lectora. | Manifesta preferencias por tipo de narrativa ou autor/a. | | |
| CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada. | Revisa e mellora textos narrativos previamente elaborados | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Procesos: interacción oral. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: producción oral - Construcción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a producción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Contexto |

Contidos

- Xéneros discursivos
- Construcción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: producción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na producción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Produción de textos escritos e multimodais coerentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nível de desenvolvemento.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

4.1. Concrecions metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coas áreas de Lingua Castelá e Lingua Inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das demais áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de trasmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social.

Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

- Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escucha de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas
- Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.
- Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os e as docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.
- Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.
- Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumnado quen revise e avalíe a súa producción na busca de errores e de mellora comunicativa.
- Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai Enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo

que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais disponibles serán moi útiles.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Alén diso, a nosa acción educativa terá como obxectivo fundamental a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo á capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

Cabe destacar que nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Estes mecanismos poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno/a traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar as súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centrarémonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares do alumnado.

Aproveitaremos a curiosidade que os/as nenos/as teñen no momento evolutivo no que se encontran, por ser esta unha das forzas motrices de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Potenciar, igualmente, a creatividade necesaria á hora de desenvolver a capacidade de formular hipóteses e plantear solucións, para desenvolver así un pensamento que tenda á autonomía.

Os alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do alumnado.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarle recursos de comunicación:

-A Lectoescritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxeturas e hipóteses, etc. O mestre/a fomenta distintos tipos de situacóns de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estructurais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituyentes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno/a comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno/a sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica.

Esto favorece a súa asimilación, posto que non se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Procuraremos manter un compoñente lúdico e o máis manipulable posible xa que aquilo ao que os/as nenos/as se acercan con boa predisposición será aceptado e asimilado con maior facilidade.

Os xogos e o material manipulable permitirán un ambiente lúdico que ademais facilitará o traballo en equipo e a convivencia dentro da aula.

Nesta área o alumnado inícianse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática, de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto hacia os seus compañeiros/as.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.

- O análisis crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

A familiarización cos novos entornos comunicativos e sociais que supoñen as TRIC, desenvolver a capacidade do alumnado para identificar e comprender algunas das realidades tecnolóxicas e de comunicación que están presentes no seu entorno.

Sería interesante que o alumnado tivese unha noción das novas realidades xurdidas no entorno da Informática e Internet.

Incidirase na transformación dos procesos de aprendizaxe a partir do uso das novas ferramentas e realidades tecnolóxicas. Non se trataría por tanto, únicamente, de introducir cambios menores ou puntuais nas actividades formativas senón de iniciar a capacitación do alumnado na aplicación dos coñecementos e Competencias Clave que vaia adquirindo ao entorno das TRIC.

Para empezar esta tarefa, no 5º Curso da Educación Primaria deberá introducirse ao alumnado no coñecemento e uso do ordenador mediante a súa utilización como recurso didáctico complementario. Os diferentes contidos traballaranse tanto dende o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou videos extraídos de Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web ou dos mass-media.

Polo atractivo que os formatos dixitais teñen sobre o alumnado cabería incidir no uso das TRIC nos procesos de adquisición das Competencias Clave .

Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se plantexen en cada caso.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se requiere unha gran coordinación docente, onde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.

Fomento da lectura:

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias. Dedícanse un tempo de vinte minutos tres veces por semana á lectura na clase, xusto despois do recreo, no que todo o centro está realizando lectura silenciosa.

Para fomentar a lectura tamén faremos sesións de contacontos. A mestra, algúns alumno/a ou outros adultos que convidemos, contarán un conto empregando diferentes recursos como marionetas ou mímica para dar vida aos personaxes e historias.

A biblioteca en colaboración cos titulares planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo, e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual.

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en 5º serán: descriptivos, narrativos (conto, fábula, lenda, biografía, banda deseñada, adiviñas, noticias xornalísticas), instrutivos (receitas, normas, regulamentos), textos discontinuos (formulario, , avisos e anuncios, cadros, gráficos, diagramas, táboas , listas, mapas) e poesía.

Consideramos á familia como unha gran colaboradora na aprendizaxe do noso alumnado, polo que as faremos copartícipes do proceso.

A familia debe coñecer os obxectivos marcados polos equipos docentes e colaborar na súa execución: participando na dinámica do centro, estimulando a aprendizaxe, propiciando actividades compartidas, coñecendo as dificultades e as fortalezas dos seus fillos/as, achegando información sobre eles/as.

Por último, destacar que consideramos fundamental despertar no alumnado un sentimento de respecto polo mundo que lles rodea e unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, damos unha importancia prioritaria ao tratamento da multiculturalidade dos valores. Con eles os nenos/as acérvanse á outras realidades do seu entorno, sempre dende o punto de vista do respeito e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todos/as.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---------------------------------------|
| Ultraportátiles de alumnado. |
| Portátil de aula e do docente, e PDI. |

Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados.

Caderno "Saber facer contigo" de Santillana Obradoiro.

Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...

Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.

Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción.

Recanto lector dentro da aula con coxíns e zona informal de lectura.

Libros de lectura común.

Fontes documentais de internet.

Dicionario de Lingua galega.

Material elaborado: fichas, guías, material manipulativo....

Xogos didácticos de elaboración propia ou comprados.

Material específico de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinhas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta... E tamén xogos, algúns deles creados polo profesorado e outros fornecidos polas editoriais: pasapalabra, adiviña quen son, xogos de sinónimos e antónimos, etc.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, lousas dixitais, proxectores, placas programables (Makey-Makey...), etc.

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe ou aula virtual (plataforma Moodle de Esemtia), enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros.

Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria coa súa biblioteca, a biblioteca do centro, dous patios de recreo (un deles con gradas), o laboratorio de centro, a aula de apoio educativo, a aula específica de educación especial, a aula de plástica, a aula de informática, o ximnasio, o salón de actos, a sala de profesores, o comedor, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as tres sesións primeiras, e que constará:

Exame dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.

Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica. Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e

utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía. Valoración dunha serie de exercicios sobre gramática, sintaxe e morfoloxía.

Con esta información definirse o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 8 | 8 | 8 | 9 | 8 | 8 | 8 | 9 | 8 | 8 |
| Proba escrita | 34 | 73 | 52 | 37 | 42 | 76 | 34 | 50 | 55 | 58 |
| Táboa de indicadores | 66 | 27 | 48 | 63 | 58 | 24 | 66 | 50 | 45 | 42 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|-----------------------------|----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 9 | 9 | 100 |
| Proba escrita | 63 | 78 | 54 |
| Táboa de indicadores | 37 | 22 | 46 |

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avallados por proba escrita sendo o resto avalados por diferentes tipos de táboas de indicadores, fundamentalmente escalas de valoración/rúbrica para corrección de traballos a entregar, por un lado, rexistro puramente de observación, polo outro

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire é a seguinte:

-1º trim: UD 1-4 100%

-2º trim= UD 5 - 8 100%

-3º trim: UD 9- 12 100%

0 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 32%

- 2º trim. 34%

- 3º trim. 34%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota entera será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non

aplicar o anterior por defecto, atendendo a razón pedagóxicas, Isto será o que prevalecerá.

Así, terase en conta diariamente:

- Atención na clase (Participación activa e positiva nas tarefas colectivas): avaliarase mediante rúbrica.
- Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección: avaliarase meditante rúbrica e escala numérica.

- Uso dunha linguaxe adecuada e respectuosa coas diferenzas.

Realizaranse un ou dous exames escritos por trimestre. Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as unidades didácticas traballadas, obterase a media delas e dará a nota da avaliación.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgúnha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algúna sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade didáctica 12, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas adoptadas para a atención á diversidade e para resolver as necesidades de mellora, en canto ao desenvolvemento dos obxectivos curriculares e a aspectos competenciais, irán encamiñadas a:

- Proporcionarlle procedementos que lles permitan adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión oral, á lectura, á escritura e o cálculo, numeración, coñecemento do medio natural e físico que lles rodea.
- Utilización de estratexias encamiñadas a favorecer un clima de silencio na clase.
- Fomentar o uso do galego como lingua propia e mostra de identificación de Galicia a través de cancións.
- Propoñer tarefas encamiñadas a ampliación do vocabulario galego.
- Guiños con técnicas e consellos que os axuden a redactar textos adecuados ao seu nivel, dende a preparación ata a redacción e a corrección final.
- Provocar e facilitar situacóns de reflexión persoal e toma de conciencia da necesidade de adquirir procedementos que lle levarán a mellorar.
- Posta en común de ideas encamiñadas a que interioricen a necesidade dun comportamento adecuado .
- Utilizaranse estratexias para que reflexionen sobre a necesidade de madurar e así aproveitar mellor as aprendizaxes.
- Programar tarefas que favorezan a reflexión sobre o control das emocións e xestionalas para evitar conflictos persoais.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Concretamente no curso de 3º EP hai cinco alumnos con NEAE. Dous deses alumnos seguen unha escolarización combinada, polo que están fóra da aula ordinaria 10 sesións semanais, nas que están na aula de ed. Especial, alén dos reforzos educativos dentro da aula. Outro alumno terá 3 sesións semanais coa PT do centro, fóra da aula ordinaria, ademais de todas as medidas específicas recollidas nos Plans de Reforzo Educativo individual elaborados xunto co Departamento de Orientación no comezo do curso. Hai catro alumnos/as que continuarán con sesións coa especialista de AL e estamos pendentes de cinco alumnos/as que estaban en proceso de diagnóstico por algún tipo de dificultade na aprendizaxe ou posible alumnado NEAE.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se

correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro), organizacións ou asociacións locais (Superheroes do Morrazo, Amencer, Down Vigo, Cáritas, Comedor social, Banco de Alimentos...) e empregar os materiais achegados por fundacións como a ONCE ou organizacións como Mans Unidas, entre outras.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Emprendemento | X | X | | | | X | X | X |
| ET.2 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | | | X | | | | X | X |
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual) | X | X | | | | X | X | |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|--|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Emprendemento | X | | | X |
| ET.2 - Igualdade de xénero | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a paz | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | | | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual) | | | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X |

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos tranversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo más patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflictos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Sesión do FIC (Festival Internacional de Curtametraxes) no Centro Social de Bueu | Actividade organizada polo FIC Bueu que conta con material didáctico para traballar antes e despois do visionado das curtametraxes | X | | |
| Asistencia a un espectáculo de Circo | Asistiremos ao espectáculo de Circo de Nadal organizado polo Concello de Vigo | X | | |
| Asistencia a unha obra de teatro no auditorio de Pontevedra | Gozar das diferentes representacións fomentando a igualdade, o interese polo teatro. | | X | |
| Visitas de autores e contacontos ao noso centro. | Traballo previo e posterior a ditas visitas. | | X | X |
| Samaín, Nadal, Entroido, Paz, Semana cultural | Actividades realizadas por todo o centro educativo. | X | X | X |
| Participación na feira anual de Bueu "Arts for Change" | Traballaremos durante todo o curso a temática da feira anual que tarta sobre o Benestar, adolescencia e infancia | X | X | X |
| Actividades promovidas polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística. | Elaboración de material e obradoiros na biblioteca do centro, unidades didácticas como O Magosto e o Día das Letras Galegas, participación en campañas como a de "Aquí tamén se fala"... | X | X | X |

Observacións:

Todas as actividades complementarias irán orientadas dende a nosa materia á promoción do uso de galego, á ampliación de vocabulario e coñecementos e á participación da vida cultural da nosa contorna.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%) |

| |
|--|
| Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado |
| Grao de coordinación entre os docentes do nivel |
| Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85% |
| Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80% |
| Grao de motivación continuada do alumnado |
| Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade |
| Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario. |
Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraránse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co Departamento de Orientación (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquellas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao Departamento de Orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 20 | 20 | 40 | 100 |
| Proba escrita | 10 | 17 | 15 | 12 | 13 |
| Táboa de indicadores | 90 | 83 | 85 | 88 | 87 |

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos Criterios de Avaliación da presente Programación Didáctica serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación. Nestas rúbricas avaliaremos varios tipos de exercicios como o desenvolvemento auditivo, o sentido rítmico, o canto e tipos de cancións, o movemento corporal e pequenos proxectos para elaborar e coñecer tanto aspectos musicais como instrumentais.

A nota trimestral, no tocante o que ás Unidades Didácticas se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada Criterio de Avaliación ó final de cada Unidade Didáctica poderá recuperarlos ao longo dos seguintes trimestres. Neste centro, de ser o caso, o procedemento será o seguinte:

- Citar á familia a unha titoría (mediante a plataforma Esemtia do centro) para explicarlle as dificultades que presenta o alumnado en dita materia.
- Reforzar o alumnado naqueles contidos que precise axuda e se fose necesario traballar os mínimos de consecución.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darse isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllese os contidos e Criterios de Avaliación das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliação contínua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
 - Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
 - Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe más rápida.
 - Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.
- Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma más sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do Departamento de Orientación; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grañas de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxectivo principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacusíco, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarles na súa toma de conciencia sobre

as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | | X | | |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos. | | X | | |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | | | X | |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación emocional | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais, eiquí numerados 1-6 e 9-10 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada Unidade Didáctica, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trimestre e a través de cancións e bailes sinxelos.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Concerto didáctico de música e danza | Concerto no 1º ou 2º trimestre en Pontevedra (en relación á UD4) a cargo da Fundación Abanca. | X | X | |

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|-----------------|-----------------|-----------------|
| Exhibición de danza moderna | Exhibición de danza moderna (en relación á UD4) no centro durante o 3º trimestre, e destinado a todo o centro, a cargo da mestra de actividades extraescolares. | | | X |
| Festival de Nadal | Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, no salón actos do centro (en relación á UD2 e UD4). | X | | |
| Entroido | Elaboración de disfraces e percorrido polas rúas do pobo a cargo dunha charanga (en relación á UD2 e UD4). | | X | |
| Festividades relixiosas propias do centro ao longo do curso escolar | Conmemoracións relixiosas propias do noso centro ao longo de todo o curso escolar (en relación á UD1, UD2, UD3 e UD4) | X | X | X |
| Os maios | Celebración dunha festividá popular galega propia do noso pobo (en relación a UD1, UD2, UD3 e UD4) | | | X |

Observacións:

Dependendo das datas que nos facilita a fundación Abanca, este concerto didáctico poderá variar entre o primeiro trimestre e o segundo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuouse o deseño das Unidades Didácticas ás características e necesidades do alumnado. |
| Funcionalidade da Programación Didáctica: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida. |
| Metodoloxía empregada |
| Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente. |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na Programación Docente. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. |

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Aportouse información ao persoal docente titor.

Apoouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Outros

Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Descripción:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluirase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluiranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das Unidades Didácticas en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da Programación Didáctica tamén se incluirán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes Programacións Didácticas.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da Programación Didáctica, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eíqu recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a Programación Didáctica. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da Programación Didáctica no apartado correspondente do PROENS:

-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.

-No tocante ás Unidades Didácticas: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.

-Grao de cumprimento da Programación Didáctica con carácter xeral dos indicadores de logro desta.

-Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

-Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.

-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

-Probas de avaliación de distinta dificultade.

-Comentar co alumnado os fallos más significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluiranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------------------|----------|---------------|
| 36000351 | CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa | Bueu | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Relixión Católica | 5º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|------------------------|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 17 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 18 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 18 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 19 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 20 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 22 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 24 |
| 9. Outros apartados | 25 |

1. Introdución

A relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudiante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introduceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, promóvese o recoñecemento dun sentido da existencia dunha maneira coherente co propio desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o alumnado comeza a comprender o mundo que o arrodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e transfórmase nun medio para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 5º de E. Primaria do CPR Virxe Milagrosa, un colexo situado nunha zona costeira, no municipio de Bueu, provincia de Pontevedra. É un colexo de titularidade concertada e a súa xestión está, actualmente, encomendada á Fundación Educere. É un centro confesional católico de iniciativa social, polo que educa dende unha postura cristiá, dando prioridade a unha educación consciente e en valores.

O grupo está formado por 17 alumnos e alumnas e caracterízase, como é habitual, pola súa heteroxeneidade e por haber no grupo alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para o que se aplicará o principio de inclusión adaptando sempre o material e as actividades aos distintos ritmos e capacidades. Unha das alumnas é de recente incorporación á escola, recén chegada a Bueu, e outra leva apenas uns meses tamén.

A aula está dotada de pantalla dixital e ademais cada alumno ten un ordenador persoal grazas a E-dixgal. Dentro do grupo hai unha alumna cun dos proxenitores de orixe marroquí, polo que xa temos traballado noutros cursos anteriores a diversidade relixiosa e temos aprendido cousas sobre o Islam e as súas tradicións e prácticas relixiosas. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica proponse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e assertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas

primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interesar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade a aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escucha das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo abrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo feitura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demás para crecer en harmonía e comuñón. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construir contornas inclusivas e diversas e construir a casa común. Todos os saberes exponsen cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades más próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos más globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía. | 1-3 | 2 | | 1-4 | 1-2-5 | | 2-3 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|-------|----|-------|
| OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta. | 2-5 | 3 | 5 | 3 | 3 | 1-2-4 | 1 | |
| OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizánndoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común. | 1-5 | | 3 | 1 | 3 | 3-4 | 1 | 3 |
| OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgúns das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas. | 4 | 3 | | 2-3 | | 3 | | 1-2-4 |
| OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas. | 1 | 2 | | | 1-3-5 | 3 | 2 | 1-3 |
| OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento. | 2-3 | | 4 | 1 | 4-5 | 1-4 | 3 | 1 |

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Quero ser feliz. Iguais e diferentes. | Traballamos a creación dende a perspectiva dun mundo en igualdade de condicións, onde prima o respeito as persoas, mcomo dereito fundamental do | 12 | 4 | X | | |

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesiones | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|-------------|----------|----------|----------|
| 1 | Quero ser feliz. Iguais e diferentes. | ser humano. Somos creados para ser felices. | 12 | 4 | X | | |
| 2 | Amigos e veciños. Buscamos as nosas raíces | Participamos en accións solidarias e de servicio a comunidade. Valor de responsabilidade en igualdade. Personaxes da historia amigos de Xesús. Traballamos a importancia da familia e elaboramos unha árbore xenealóxica. | 12 | 4 | X | | |
| 3 | O Nadal está a chegar! | O nacemento de Xesús alegra o corazón das persoas. Traballamos a creatividade a partir dos relatos bíblicos. Elaboración de manualidades. Aprendemos paxoxoliñas. A riqueza cultural do Nadal. A historia dos Reis Magos. | 14 | 5 | X | | |
| 4 | Síntome querido e coidado. | Lazos de amor. Traballamos o respecto e a empatía polos demais. Situacións de inxustiza no mundo e saberse privilexiados. Compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza. Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza. | 17 | 6 | | X | |
| 5 | Un amor moi grande. Quen é? | Descubrimos que os cristiáns expresamos a nosa fe con diferentes tradicións en Semana Santa. O mandamento do perdón. Busca do tesouro. Xogos para preparar a Semana Santa e a Pascua. | 14 | 5 | | X | |
| 6 | Igrexa/s e Biblia. Grandes valores para os cristiáns | A/s igrexa/s e a Biblia, expresión da riqueza cultural do cristián. Interculturalidade. Reflexionamos sobre o principio de ética cristiá na contorna social e virtual. Valoramos a Biblia como libro sagrado e nos invita a chegarnos a moitos momentos da vida de Xesús. | 17 | 6 | | | X |
| 7 | Celebramos a festa da vida! | A grande familia da Igrexa. Festas más importantes na Igrexa. Festa dos sacramentos. Mensaxe de fin de curso, expresión de alegría nas festas cos amigos. | 14 | 5 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------------------|----------|
| 1 | Quero ser feliz. Iguais e diferentes. | 4 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo | | |
| CA1.2 - Expressar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal reconhecendo, desde a visión cristiana, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiana, e valora a igualdade e pluralidade | | |
| CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiana, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes. | Coñece e aplica algúns principios da ética cristiana para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta | | |
| CA1.6 - Cooperar activamente na construcción dunha convivencia pacífica e democrática reconhecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común. | Colabora na construcción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común | TI | 100 |
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respeito e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respeito que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construcción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demás | | |
| CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiana, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións. | Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiana. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiana. - Cosmovisións, tradición cristiana e cultura. - María, modelo de crente. - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiana e compromiso co ben común. - Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 2 | Amigos e veciños. Buscamos as nosas raíces | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo | | |
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade | | |
| CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais más vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade. | Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula (panxoliña para ir visitar aos maiores do xeriátrico) | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusóns en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna. | TI | 100 |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuí na construcción da identidade de persoas e pobos | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construcción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas , en prol dun mundo mais humano e igualitario | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a |

Contidos

- achega do cristianismo.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 3 | O Nadal está a chegar! | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade | | |
| CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais más vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade. | Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula (panxoliña para ir visitar aos maiores do xeriátrico) | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuí na construcción da identidade de persoas e pobos | TI | 100 |
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións. | Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 4 | Síntome querido e coidado. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo | TI | 100 |
| CA1.2 - Expressar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal reconécedo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade | | |
| CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes. | Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta | | |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.6 - Cooperar activamente na construcción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común. | Colabora na construcción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construcción da identidade de persoas e pobos | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construcción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Coa análise e reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demás, sobre as experiencias relixiosas narradas | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construcción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas , en prol dun mundo mais humano e igualitario | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 5 | Un amor moi grande. Quen é? | 5 |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais más vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade. | Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuí na construcción da identidade de persoas e pobos | | |
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática | | |
| CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións. | Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 6 | Igrexa/s e Biblia. Grandes valores para os cristíans | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade | TI | 100 |
| CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes. | Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuí na construcción da identidade de persoas e pobos | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construcción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixosas. | Coa análise e reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demás, sobre as experiencias relixiosas narradas | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construcción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas , en prol dun mundo mais humano e igualitario | | |
| CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións. | Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demás. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. |

Contidos

- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- Arecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 7 | Celebramos a festa da vida! | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo e desde a responsabilidade | | |
| CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais más vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade. | Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula | | |
| CA1.6 - Cooperar activamente na construcción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiás, aqueles valores morais que promoven o ben común. | Colabora na construcción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común na aula e patios do cole | TI | 100 |
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática | | |
| CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións. | Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.
- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.
- O Credo da Igrexa católica.
- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.
- María, modelo de crente.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearse nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Alén diso, a nosa acción educativa terá como obxectivo fundamental a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo á capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

Cabe destacar que nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Estes mecanismos poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno/a traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar as súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centrarémonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva , dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares do alumnado. Aproveitaremos a curiosidade que os/as nenos/as teñen no momento evolutivo no que se encontran, por ser esta unha das forzas motrices de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Potenciar, igualmente, a creatividade necesaria á hora de desenvolver a capacidade de formular hipóteses e plantear solucións, para desenvolver así un pensamento que tenda á autonomía.

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestora de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoo a

comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidad, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completarase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas póndome de acordo con outros mestres/as para algunas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvimento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándose no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvimento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En relixión, os alumnos/as inicianse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubrindo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma más concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquellas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender. Para conseguilo, promoveréi o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.

- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

- Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

- Terei en conta as características persoais de cada alumno/a e o principio de inclusión recollido na lei.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo.

- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Material de elaboración propia e recursos da rede. |
| Ordenador de aula e proxector. |
| A Biblia (online e Biblia didáctica en papel) |
| Murais de Relixión coas historias da Biblia. |
| Vídeos didácticos. |
| Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lápis, rotuladores, ceras, bolígrafos. |
| Material non específico. Material do medio natural, de refugallo... |
| Recursos fotocopiables. |
| Libros de temática relixiosa da biblioteca escolar de aula e do centro. |
| Revistas e publicacións relixiosas: Gesto, OMP, Mans Unidas... |
| Aula virtual do centro. |
| Material específico de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe. |
| Xogos didácticos. |

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, diccionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta... E tamén xogos, algúns deles creados polo profesorado e outros fornecidos polas editoriais: pasapalabra, adiviña quen son, xogos de sinónimos e antónimos, etc.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, lousas dixitais, proxectores, placas programables (Makey-Makey...), etc.

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe ou aula virtual (plataforma Moodle de Esemtia), enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock...), kahoot ou plckers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria coa súa biblioteca, a biblioteca do centro, dous patios de recreo (un

deles con gradas), o laboratorio de centro, a aula de apoio educativo, a aula específica de educación especial, a aula de plástica, a aula de informática, o ximnasio, o salón de actos, a sala de profesores, o comedor, así como os diversos espazos da contorna. As igrexas das parroquias próximas serán tamén un espazo que poderemos empregar ou incluír no noso estudio e comprensión, do mesmo xeito que institucións solidarias-relixiosas coas que colaboramos asiduamente como Cáritas e a ONG Mans Unidas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PDI.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|--------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 12 | 12 | 14 | 17 | 14 | 17 | 14 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros. Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que estableceré con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Traballo e esforzo diario: 45%

Aproveitamento do tempo.

Esforzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedural (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital) e traballo colectivo: 40%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole.

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final, que srá unha media das mesmas.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudiantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagoxía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades más complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Comunicación audiovisual. TIC e TAC | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a PAZ. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Comprensión da lectura | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Fomento do espíritu científico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Fomento do emprendemento | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.15 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer | | X | X | X | X | | X |

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- * Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral e escrita, positivas
- * Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- * Educación emocional e en valores
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|-------------|----------|----------|----------|
| | | | | |

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|-----------------|-----------------|-----------------|
| Xornadas de inicio de curso | Con motivo do comezo do ano lectivo levaremos a cabo dúas xornadas de inicio de curso a partir de uns materiais e actividades específicas en colaboración cos outros colexios que pertencen á Fundación Educere. O Valor deste curso será a Verdade e o lema: Desconecta e actúa. Con el preténdese animar á comunidade educativa a desconectar de todo o que nos afasta de Xesús e pasar á acción para mudar o mundo e contruír o reino de Deus. | X | | |
| Actividades de Advento | Unha panxoliña para celebrar o Nadal con toda a comunidade educativa do Centro | X | | |
| Actividades da Coresma previas á Pascua | Para a Semana Santa e Pascua elaboraremos uns materiais e actividades específicas en colaboración cos outros colexios que pertencen á Fundación Educere. | | X | |
| Actividades do mes de Maio, o mes de María | Ao longo de todo mes o colexio realizará actividades e oracións orientadas a ensalzar a figura da Virxe María. | | | X |
| Saídas á Natureza | Nas saídas ao patio e a espazos da nosa contorna como o paseo do río Bispo, que faremos co obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e descubrir a presenza de Deus nesa beleza. | X | X | X |
| Festividades relixiosas propias e locais: San Vicente de Paul e Santa Luisa de Marillac, día da Virxe Milagrosa, San Martiño... | Nas datas sinaladas para a nosa comunidades daremos contexto ás celebracións relixiosas e poderemos amosar como unha parte importante da nosa cultura está relacionada co fenómeno relixioso. | X | X | X |

Observacións:

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Traballo en equipo con outros mestres/as |
| Emprego de ferramentas TIC |
| Consigo que o alumnado traballe en equipo |
| Tento facer clases amenas e motivadoras |
| Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos |

Implico as familias

Utilizo medidas de atención á diversidade

Avalío constantemente miña propia práctica docente

Descripción:**PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR**

- ¿ Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- ¿ Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- ¿ Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- ¿ Debugos que representen aquilo que aprenderon.
- ¿ Diferentes ferramentas de auto e coavalión do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estandar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que é o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes. polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:

- .Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?
- .Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- .Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre ou traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluir o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo

*Traballo na aula: análise da producción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en,

¿Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

¿Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

¿Pequeños traballos en gran ou en pequeno grupo

¿Traballo cooperativo

¿Manualidades, pasatempos

¿Xogos de mesa, de creatividade,

¿Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizareínas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDIMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliação permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

* Aos alumnos.

* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados